




# DE ANDRÁS AO FARO DAS LÚAS E LOBEIRA

Adela Leiro, Mon Daporta  
Xullo 2021



**Distancia:** 7 km (ida e volta)  
**Dificultade:** baixa



Camiño entre árbores autóctonas

Unha camiñada non moi longa, pero con tramos en pendente, que se fai por pistas asfaltadas e terreñas, para visitar, en András (Vilanova de Arousa), dous miradoiros próximos na distancia mais coas súas particularidades: O Faro das Lúas, de creación recente, que tomou o nome e gañou interese pola colocación no seu cume dunha escultura creada en 2002 polo vilagarcían Manolo Chazo coa que se corou un antigo pedestal dos anos 50 do século pasado que non tiña aproveitamento; e o de Lobeira, o miradoiro tradicional da contorna, un pouco máis elevado, que se asenta nas rochas do cume máis sobresaínte dos arredores, no que en tempos ocupou un castelo do que aínda se poden apreciar algúns restos.

Desde eles podemos apreciar, cara ao mar, panorámicas de toda a ría de Arousa e máis alá, e cara ao interior, o Val do Salnés, os montes que o limitan, as poboacións que o ocupan e a riqueza agrícola e forestal que encerra.



O Faro das Lúas

## PERCORRIDO

A ruta oficial, coñecida como **Ruta dos Miradoiros**, PRG-126, comeza ao pé do cemiterio de **András**, onde está o primeiro panel indicador e hai un pequeno sitio para deixar o coche (uns metros antes temos un amplo aparcadoiro ao pé da igrexa). Desde aí botamos a andar pola beira da estrada ata que atopamos o primeiro desvío á dereita, estreito, asfaltado, que nos leva ás Casas do Monte. Na parte alta do lugar remata o asfalto e alí collemos a pista de terra que ten pola beira os indicadores do tendido do gas e seguímola ao longo de un km ata chegarmos a un punto no que saen dela dous desvíos á dereita aquí collemos o de máis á dereita, o máis amplo, e seguimos subindo uns 600 m para chegarmos a un alargo no que se atopa á esquerda unha entrada ao recinto do **Faro das Lúas**. Para continuar baixamos, agora xa polo acceso con escaleiras, para saír do recinto e desviarnos á esquerda camiño do segundo miradoiro e para poder gozar do verde e da sombra que nos ofrece o que foi plantación de piñeiros arrasada pola vaga de lumes do 2006 convertida, grazas ao traballo dos comuneiros de András e aos 10.000 exemplares de especies frondosas que puxeron, nunha extensa, e fermosa, plantación de caducifolias autóctonas. Ao chegarmos á estrada imos á esquerda, a ruta oficial deixaa uns metros adiante para ir á esquerda por unha pista de terra, mais nós seguimos pola beira da estrada co que aforramos arredor de un km de percorrido. Despois de gozar da contorna e vistas de **Lobeira** podemos facer a volta polo camiño de ida ou, se levamos un bo mapa de detalle ou coñecemos a contorna, por outros camiños con máis voltas para facer quilómetros e botar unhas horas ou pillar algún atallo, que os hai, para acortalo.

Aos miradoiros tamén se pode acceder en coche desde a estrada que vai de Vilanova, por András, ao Sixto, pasado András hai un desvío á esquerda, sinalizado, que nos leva, cun curto desvío, ao Faro das Lúas e logo a Lobeira. Desde Vilagarcía, da estrada que vai por Cornazo a Solobeira, sae un ramal, indicado, para subir a Lobeira, desde onde tamén podemos achegarnos ao Faro das Lúas.



O Faro das Lúas



Vista de Lobeira, ao mencer, desde o Faro das Lúas



Vista desde o Faro das Lúas: Vilanova da Arousa e Arousa, a illa que lle da nome á ría



Panorámica desde o Faro das Lúas



Faro das Lúas: mencer mirando cara ao Castrove e o Val do Salnés



Faro das Lúas: vista cara ao Castrove



Miradoiro de Lobeira: vista cara ao esteiro do Ulla



Miradoiro de Lobeira: Illa da Arousa e ría



Miradoiro de Lobeira: Vilagarcía da Arousa

**Monte Lobeira** (293 m de altitude), con terreos compartidos entre Vilanova e Vilagarcía da Arousa.

Algunhas fontes din que houbo un castro na zona e nela atopáronse varias mámoas e restos dun círculo lítico.

A orixe do castelo de Lobeira sitúase arredor do século X. Aínda se poden ver algúns dos perpiaños que facían parte dunha das torres da muralla e os alxibes onde se almacenaban víveres.

En 1896 instalouse no cumo do monte unha cruz para conmemorar aos mortos no mar.

Unha lenda conta que desde Lobeira parte un túnel que vai ata Vilagarcía.



Miradoiro de Lobeira



Monte Lobeira desde o mar (á dereita o Faro das Lúas)



Estripo (*Crataegus monogyna*)



Piñeiro



Vida sobre unha rocha: líques, brións, uvas de lagarto...